



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE OUTUBRO DE 2018

FAVORABLES.-

LAP/481/2016.- CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S. L.- Conceder licenza de obras de ampliación de laboratorio na Vía Nobel, 7.

LIC/177/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BISPO DIEGO PELÁEZ 1.- Conceder licenza para executar obras de reforma dun edificio existente para a instalación dun ascensor, rehabilitación das fachadas e substitución da cuberta na rúa Bispo Diego Peláez, 1.

LIC/567/2016.- JULIO ALDREY NIEVES.- Conceder licenza para executar as obras de construción dun alpendre agrícola en lugar de Fornas.

LIC/318/2018.-COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. CASTELAO, 2.- Conceder licenza para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na Avda. de Castelao, 2.

LIC/1682/2016.- MARÍA BEGOÑA CAAMAÑO CASTIÑEIRA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Os Abetos.

LIC/351/2018.- ALICIA MONTERO TOME.- Conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Moas de Arriba.

DESFAVORABLE.-

LAP/380/2017.- HÉRCULES GALAICA, S.L.- Denegar a licenza para executar obras de aparcamento exterior de uso público na rúa Santa Marta de Arriba, 55-57.

PARCELAMENTOS/SEGREGACIÓNS.-

LIC/958/2018.- JOSÉ LUÍS BEIROA BARROS.- Conceder licenza para a segregación en lugar Portela de Vilvestro.

LIC/1591/2017.- ELISA MALLOU OTERO.- Conceder a licenza de segregación e agrupación solicitada dunha finca sita na parroquia de San Félix de Afora – Amio.

LIC/766/2018.- XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA, XESTUR, S. A.- Rectificar acordo da xunta de goberno do 21/09/2018 polo que se concede a segregación e posterior agrupación en unidade de acto de parcelas situadas no Parque Empresarial da Sionlla – Rúa do País Vasco, 29.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de ampliación de laboratorio na Vía Nobel, 7. LAP/481/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma dun edificio existente para a instalación dun ascensor, rehabilitación das fachadas e substitución da cuberta na rúa Bispo Diego Peláez, 1. LIC/177/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dun alpendre agrícola en lugar de Fornas. LIC/567/2016. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na Avda. de Castelao, 2. LIC/318/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Os Abetos. LIC/1682/2016. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Moas de Arriba. LIC/351/2018. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da licenza para executar obras de aparcamento exterior de uso público na rúa Santa Marta de Arriba, 55-57. LAP/380/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude licenza para a segregación en lugar Portela de Villestro. LIC/958/2018. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude a licenza de segregación e agrupación solicitada dunha finca sita na parroquia de San Félix de Afora - Amio. LIC/1591/2017. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á corrección de erro no acordo de concesión de licenza a XESTUR, S.A., na sesión de 21.9.18. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do persoamento do Concello no Procedemento Ordinario 7085/2018 perante o TSXG. Acórdase o persoamento do Concello no Procedemento Ordinario seguido no TSXG, interposto por un particular contra o acordo do xurado de expropiacións de Galicia relativo á expropiación dunha finca por parte do Concello de Santiago para o proxecto de reparcelamento da travesía dos Basquiños.

13.- Dar conta polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia da aprobación do proxecto europeo TRAFAIR, financiado polo programa CONNECTING EUROPE FACILITY. Acórdase convalidar a solicitude de axuda efectuada para participar na convocatoria do programa europeo Connecting Europe Facility co proxecto denominado "Trafair", do que o Concello é socio do partenariado. Acéptase a subvención concedida de 126.795 euros procedentes de fondos FEDER, así como a achega municipal de 42.265 euros.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á autorización da realización de diversas actuacións no contrato do "Servizo de mantemento do alumeado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela". Autorízase a realización das seguintes actuacións:

- _ Reforma de alumeado do parque de San Xoán: 9.739,41 euros
- _ Reforma do alumeado da urbanización Salgueiriños: 6.281,29 euros
- _ Reforma do alumeado en Lavacolla (acceso a igrexa e palco): 9.291,73 euros
- _ Reforma do alumeado en urbanización de Brandía: 17.347,23 euros
- _ Reforma do alumeado no paseo central da Alameda: 12.516,30 euros
- _ Reforma do alumeado en urbanización de Laraño: 2.677,27 euros

15 a 160.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto do lixo. Apróbase a proposta.

161.- Proposta da Concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto contra unha liquidación en concepto de IBI. Apróbase a proposta.

162.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións na taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

163.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Uniformidade policía local 2016: LOTE A: Prendas de confección a medida". Apróbase a proposta.

164.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa ao traspaso das casetas NC45 e NC46 da praza de abastos, das que é titular Dna. ALEXANDRA VANINA MASMUD FRAGA, a favor de D. ENRIQUE JIMÉNEZ LAVILLA. Apróbase a proposta.

165.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa ao traspaso da caseta da praza de abastos número NA362, da titularidade de Dna MARÍA PURIFICACIÓN LÓPEZ SANTOS, a favor de D. JUAN JESÚS CAMINO VIEIRO. Apróbase a proposta.

166.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa ao traspaso da caseta da praza de abastos número NA364, da titularidade de Dna. MARÍA PURIFICACIÓN LÓPEZ SANTOS, a favor de D. NARCISO CASAL PENEDO. Apróbase a proposta.

167.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN CULTURAL ROCHA FORTE para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.000 euros.

169.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E A INSERCIÓN LABORAL PLATAFORMA POLO EMPREGO para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 12.000 euros.

170.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

171.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde da concesión polo Ministerio de Sanidade dunha subvención para programas de prevención das drogodependencias con cargo ao fondo de bens decomisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados. Dáse conta da concesión dunha subvención de 68.781 euros para o programa Versión 2.0, que ten un custo total de 91.708 euros.

172.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde dando conta da sinatura de diversos convenios de colaboración entre o Concello de Santiago e distintas entidades/asociacións de carácter social. Dáse conta.

173.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a FUNDACIÓN USC-DEPORTIVA. Dáse conta.

174.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO. Dáse conta.

175.- Dar conta pola concelleira delegada de Economía e Facenda da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE RESTAURACIÓN Y HOSPEDAJE DE SANTIAGO para promover accións piloto no eido do proxecto ATLANTIC SOCIAL LAB. Dáse conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á corrección de erros da convalidación da solicitude de subvención concedida ao abeiro do proxecto europeo Tropa Verde dentro do programa Urbact III, aprobado na Xunta de Goberno Local de 5 de outubro de 2018. Apróbase a proposta.

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

2.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aclaración da instrución de contratos menores, interpretación do cómputo do límite cuantitativo por provedor: 15.000 euros para servizos e subministracións e 40.000 euros para obras. Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio dos trámites para a recepción das obras de Mellora e rehabilitación de pavimentos en viarios das parroquias de Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballal, San Caetano e Laraño (POS-2016): Apróbase a proposta.

4.-Resolución de discrepancia por reparo. Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta do erro involuntario detectado no borrador do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación de Pais, Profesionais e Amigos de Persoas con Discapacidade Intelectual “Special Olympics Galicia”, aprobado en Xunta de Goberno do 11 de outubro. Apróbase a proposta.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa a dar conta da solicitude e resolución da dirección da Fundación Biodiversidade, pola que se resolve a convocatoria da concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a realización de proxectos en materia de adaptación ao cambio climático. Acórdase aceptar a axuda concedida para a realización do proxecto “Descarboniza! Que non é pouco...!”, concedida pola Fundación Biodiversidade por un importe de 44.039,64 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á designación da técnica municipal directora-responsable do contrato do Servizo de Dinamización e Mediación Sociocultural da rede de centros cívicos. Acórdase designar a María del Carmen de la Cruz Pérez como técnica municipal directora-responsable do contrato. Ao mesmo tempo noméase como persoal de apoio da responsable do contrato a Modesto López de Sande e a Xulio Noya Liste.